

Ornamentación vexetal no Nadal

ANTONIO RIGUEIRO RODRÍGUEZ *

Ata hai uns lustros na nosa terra as ornamentacións típicas e case únicas do Nadal eran os ‘nacementos’ ou ‘beléns’, representacións piadosas da chegada ó mundo de Deus feito home que adoitabamos ollar na maioría das igrexas, escaparates e lares de Galicia. Entre os materiais máis utilizados na súa elaboración podemos citar, ademais dos que compoñen as tradicionais figuriñas, os brións, a cortiza ou casca de sobreira, póliñas de carballeiro, piñas, carrascos, xardas, herba, cultivos agrícolas, area e pedras; sen esquecer a auga que en forma de fuentes, ríos e fervenzas enche de vida estes escenarios. Dadas as calendadas da conmemoración non podía faltar a neve, que moitas veces se nos amosaba en forma de fariña ou po de talco.

Por fortuna, aínda se poden mirar nacementos na actualidade, algúns deles de complicada feitura e notable fermosura que os converten en verdadeiras obras de arte, como o ‘Belén de Begonte’, no que se combinan con mestría os avances da técnica coa tradición e a cultura da nosa terra, para ofrecer ó visitante un conxunto harmonioso e belo, admirado por tantas xentes, que nos convida á meditación e nos lembra que o Neno tamén naceu en Galicia.

Nembargantes, esta representación da chegada ó mundo de Cristo foi desaparecendo de moitos escaparates e lares galegos para deixar paso a outros símbolos e enfeites que, en xeral, non fan referencia directa á efeméride que se celebra. Hai razóns que poden explicar este cambio de actitude social; dunha parte, a secularización ou diminución do senso relixioso na sociedade actual, e doutra, o arraigo na nosa cultura de tradicións e costumes importadas do resto de Europa, como a árbore do Nadal e o Papá Noel. Sen dúbida a emigración de tantos galegos cara outros países europeos tería que ver con este cambio de actitudes.

A utilización da árbore adornada como símbolo do Nadal é unha tradición pagá enraizada nos países nórdicos dende tempos antigos. A especie que se usa máis en España como árbore do Nadal é o abeto vermello (*Picea abies*), conífera ventureira no centro e norte de Europa e frecuente por aquí embelecendo coa súa maxestosa presencia os nosos parques e xardíns. No resto de Europa adóitase empregar o abeto branco ou pinabete (*Abies alba*), o cal chega de forma natural ós Pirineos españoles. Estas plantas, con follas aciculares sempre verdes, copa cónica e ramicación verticalizada ou en pisos, son axeitadas para esta finalidade e o comercio de exemplares vivos e de curta idade, de 3 a 10 anos, acada dimensións importantes nestas datas.



Algunhas especies arbóreas utilizadas con frecuencia na repoboación forestal dos montes gallegos, case sempre coníferas, empréganse en Galicia co mesmo obxectivo. Así, os propietarios de terreos forestais de doado acceso e próximos a zonas urbanas sobre os que medran plantacións xoves de abeto de Douglas (*Pseudotsuga menziesii*), piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*), piñeiro insigne (*Pinus radiata*) ou piñeiro do país (*Pinus pinaster*) temen a chegada desta época do ano porque algúns ciudadáns “amigos do alleo” causan danos importantes nos seus bosques ó cortaren individuos que logo adórnaran as súas casas como árbores do Nadal. Seguro que estes propietarios forestais son entusiastas defensores dos abetos de plástico, menos naturais pero más “ecológicos”, xa que evitan esas desfeitas do noso medio natural.

Entre as especies autóctonas galegas, antiga é a costume de utilizar ramiños de acibo ou xardo (*Ilex aquifolium*) como enfeites destas festas; o acibo é unha fermosa planta de follas sempre verdes e brillantes, ademais os pés femia fructifican cara o inverno en bagas redondeadas dunha bela cor vermella. A xarda ou ximalbeira (*Ruscus aculeatus*) tamén se emprega co mesmo fin; os seus ramiños aplanados, con forma de follas, dos que pendan ata o inverno os froitos, ba-

gas grandes e vermellos, confirenlle singular fermosura. A estas plantas, especialmente ó acibo, aplícaselles con frecuencia a denominación vulgar de “muérdago”, terminoloxía confusa, xa que os verdadeiros muérdagos son outras plantas parásitas pouco representadas en Galicia, como *Viscum album* ou *Viscum cruciatum*, que adoitan parásitar as copas de abetos, piñeiro e maceiras, e que fructifican nunhas bagas brancas ou vermellos das que se extrae unha liga coa que se cazan paxaros. Tal vez a confusión deriva de que nalgúns países europeos, Grecia por exemplo, se utilizan póliñas con bagas amarelas dun muérdago (*Loranthus europaeus*) como enfeites de Nadal; posiblemente importamos ese nome para as ramiñas de acibo que se usan co mesmo fin.

Convén lembrar que o acibo é unha especie protexida en Galicia, non permitíndose colleitálo das poboacións silvestres, pois o aproveitamento abusivo que nestas datas se viña realizando minguou considerablemente a representación nalgúns comarcas galegas desta arboriña que desempeña unha importante función ecolólica nos nosos montes, xa que as súas bagas e follas son alimento para a fauna silvestre e nas matas e rodais de acibo protéxense do frío e chuvia in-

vernais e do calor estival os animais domésticos e salvaxes. Hoxe soamente está permitido comercializar plantas ou partes delas cultivadas en viveiros con ese fin, e todos debemos velar polo cumprimento desta norma que non sempre se respecta.

A prohibición da colleita do acibo pode derivar nunha maior recolección da ximalbeira, especie que xa está sometida a unha importante presión polo uso medicinal do seu sistema radical. Parécenos conveniente, de cara á conservación da biodiversidade, investigar a dinámica das poboacións desta especie e, se é preciso, introducir instrumentos de protección da mesma.

Tampouco está permitido cortar piñeiro ou abetos nos montes, polo que a gardería forestal intensifica nestas calendas o seu habitual labor de vixilancia. Ás veces fanse coincidir con estas datas labores de aclareo ou desembaste en piñerais novos, e as pequenas plantas que se van sacando pódense utilizar como árbores de Nadal. De tódolos xeitos, hai que subliñar que son numerosos na nosa terra os viveiros de plantas forestais e ornamentais que comercializan pequenas árbores enraizadas que se poden destinar a ese fin, as cales, unha vez cumplida a súa misión inicial, pódense plantar definitivamente nos xardíns ou nos montes.

*Ademais das citadas, outras estirpes vexetais enfeitan os fogares galegos no Nadal; nalgúns bisbarras son os ramos de arboriñas ventureiras sempre verdes, coma o loureiro (*Laurus nobilis*) ou o érbedo (*Arbutus unedo*), e polos pobos, vilas e cidades esténdese o costume de adornar as casas nestas datas coa exótica flor de Pascua (*Euphorbia pulcherrima*).*

A evolución temporal da ornamentación dos lares galegos no Nadal parece ser reflexo dunha dinámica de comportamento social que amosa un distanciamento do feito relixioso. Tal vez unha interpretación máis flexible e tolerante da mensaxe cristiá, poñéndoa decididamente ó servizo dos máis débiles e desamparados, sen ningún tipo de exclusións ou marxinacións, xunto con unha aproximación da mesma, naqueles aspectos non dogmáticos, á realidade social que vivimos —como fixo Xesús hai 2000 anos— favorecerían o retorno á relixiosidade dunha sociedade secularizada, que posiblemente necesita da relixión máis ca nunca, pero que ás veces se ve obrigada a buscar lonxe dela solucións para problemas ós que aquela parece dar as costas. Que o Neno de Belén, dende o presebe de Be-gonte ilumine ós que teñan que decidir ó respecto...

* Antonio Rigueiro Rodríguez é catedrático da Universidade de Santiago